

MOCIÓN ENTIDADES BANCARIAS E ENERXÉTICAS

O Grupo Municipal dos Socialistas de Carballo de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre gravames de carácter temporal a entidades bancarias e enerxéticas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os poderes públicos non poden obviar o carácter social do noso Estado e, por iso, responden aos problemas que se están aumentando respecto á subida de prezos en determinados bens e servizos básicos para a cidadanía por mor da guerra en Ucraína e outros factores exóxenos.

Como resposta eficaz, eficiente e contundente o coñecido como “pacto de rendas” é un instrumento fundamental para paliar as consecuencias da inflación como principal ameaza europea e española. Estas consecuencias deben ser repartidas equitativamente. Ademais das medidas adoptadas polo Goberno sobre o transporte, a revalorización das pensións e a bonificación sobre o prezo dos carburantes, os grupos do Executivo formularon unha proposta sobre a imposición ás enerxéticas e ás entidades bancarias que recadará aproximadamente 3.500 millóns de euros para repartir entre fogares e empresas vulnerables.

A proposta dos partidos do Goberno, PSOE e Unidas Podemos, de gravar de maneira extraordinaria e temporal ás entidades bancarias e ás grandes empresas enerxéticas saíu adiante no Congreso dos Deputados con 187 votos a favor, 153 en contra e 8 abstencións.

A dereita conformada polo PP, Cidadáns e Vox negouse a apoiar as medidas que axudarán a recadar uns 2.000 millóns de euros por parte do sector enerxético e uns 1.500 millóns por parte do sector bancario en dous anos. Mesmo se negaron a debatelas no Congreso dos Deputados. Estes partidos repudiaron as propostas e negaron o debate defendendo así ás enerxéticas e elites empresariais.

Á vez que as entidades bancarias ven incrementados os seus beneficios grazas ás medidas adoptadas polo Banco Central Europeo coa subida dos tipos de interese, este Goberno propúxose que parte deses beneficios bancarios sexan destinados aos fogares e ás empresas vulnerables. Desta maneira, os bancos axudarán a mitigar os efectos da inflación que ameazan a estabilidade no noso país.

Pola súa banda, as empresas enerxéticas contan na actualidade con beneficios extraordinarios por mor da situación bélica pola que atravesan países exportadores de enerxía e a expensas dos consumidores.

A Presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, (pertencente ao Partido Popular Europeo) declarou que “os beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan”.

Desde o PSdeG-PSOE, recoñécese a necesidade inminente de defender, auxiliar e apoiar á cidadanía.

Por todo o exposto, desde o Grupo Municipal Socialista instamos aos demais Grupos Municipais do Concello de Carballo á aprobación polo Pleno do seguinte

ACORDO:

- 1. Respaldar a aprobación do establecemento de gravames en España e a Unión Europea de carácter temporal enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan.**



En Carballo, a 13 de Outubro de 2022

Asinado: María Carmen Vila Blanco

Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista de Carballo

**SR/SRA. ALCALDE-PRESIDENTE/ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO
CONCELLO DE CARBALLO**